

## **CUESTIÓNS:**

### **1. ANTICOMUNISMO E MCARTHYSMO NOS ESTADOS UNIDOS DURANTE A GUERRA FRÍA.**

### **2. TRAZOS BÁSICOS DA EVOLUCIÓN DA CUESTIÓN NACIONAL NO BLOCO DO LESTE ENTRE 1968 E 1991.**

### **3. COMENTARIO DE TEXTO.**

"Stalin é o líder brillante e o mestre do Partido, o grande estratega da revolución socialista, o comandante militar e o guieiro do Estado soviético. Características do seu estilo son unha actitude implacábel cara ós inimigos do socialismo, unha fonda fidelidade cara ós principios, unha combinación de claras perspectivas revolucionarias e de nitidez de obxectivos cunha firmeza extraordinaria e unha insistencia na prosecución das metas, un liderado sabio e práctico, e máis un contacto íntimo coas masas. Despois de Lenin, ningún outro dirixente mundial tivo que dirixir a masas tan inxentes de traballadores e labregos. Stalin ten unha irrepetíbel facilidade para xeneralizar a constructiva experiencia revolucionaria das masas, para captar e desenvolver a súa iniciativa, para aprender delas ó mesmo tempo que lles aprende, e para dirixilas cara á victoria.

En unión con leninistas escolleitos e probados, que son os seus colegas inmediatos, e á testa do gran Partido Bolchevique, Stalin guía os destinos dun Estado socialista multinacional, un Estado de traballadores e labregos que carece de precedentes na Historia. O seu traballo é extraordinario pola súa variedade e pola súa enerxía, verdadeiramente sorprendentes. A amplitude dos problemas ós que adica a súa atención é inmensa.

Todo o mundo coñece a convincente e invencíbel forza da lóxica de Stalin, a cristáña claridade da súa mente, a súa vontade de ferro, a súa devoción ó Partido, a súa fe ardente e mailo seu amor polo pobo. Todo o mundo coñece a súa modestia, a sinxeleza da súa conducta, a súa consideración polo pobo e maila súa severidade despiadada cara ós inimigos deste. Stalin é o digno continuador da causa de Lenin ou, tal e como se afirma no Partido, Stalin é o Lenin de hoxe."

**EXAME DE HISTORIA ACTUAL PARA 1º DE XORNALISMO NA FACULTADE DE CIENCIAS DA INFORMACIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC). CURSO 2000–2001.**